



En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

I. OBXECTO

Constitúe o obxecto da presente norma crear a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, na que se inclúen os espazos declarados Reserva da Biosfera pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (en diante, UNESCO), situados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, determínase que os espazos situados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan declarados Reservas da Biosfera pola UNESCO, con posterioridade á entrada en vigor deste decreto, pasarán a integrarse na Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

II. CONTEXTO NORMATIVO

A Constitución española reconece no seu artigo 45.1 que todos teñen o dereito de gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo, e o seu artigo 149.1.23 establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades que teñen as comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

Conforme co artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega ostenta competencia exclusiva para o establecemento de normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución española.

O artigo 7 do Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera (Resolución 28 C/2.4 da Conferencia Xeral da UNESCO, 1995) regula a participación en Rede. Á súa vez, o artigo 8 aborda as subredes rexionais e temáticas, considerando que os Estados deben propiciar a constitución e o funcionamento cooperativo de subredes rexionais e/ou temáticas de reservas de biosfera e fomentar, no marco destas subredes, o intercambio de información.

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, no seu artigo 50 inclúe, dentro das áreas protexidas por instrumentos internacionais, as Reservas da Biosfera declaradas pola UNESCO, engadindo que o seu réxime de protección será o establecido nos correspondentes convenios e acordos internacionais, sen prexuízo da



vixencia de réximes de protección, ordenación e xestión específicos cuxo ámbito territorial coincida total ou parcialmente coas ditas áreas, sempre que se adecúen ao previsto nos ditos instrumentos internacionais.

Así mesmo, a citada lei nos artigos 68 a 70 regula a Rede española de Reservas da Biosfera, como un subconxunto definido e recoñecible da Rede Mundial de Reservas da Biosfera, e se recollen, no artigo 70, as características que han de ter as Reservas da Biosfera para a súa integración e mantemento como tales.

De conformidade co Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia, nos termos sinalados na Constitución española.

Polo demais, e no que fai a competencia para a aprobación do proxecto sobre o que versa o presente informe, a mesma correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 da antedita Lei 1/1983 e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, e tendo en conta o disposto no artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

III. ESTRUCTURA DO PROXECTO NORMATIVO

O proxecto de Decreto consta de tres artigos, unha disposición adicional e dúas disposicións derradeiras.

O texto distribúese do seguinte xeito:

Artigo 1. *Obxecto*

Artigo 2. *Obxectivos da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia*

Artigo 3. *Xestión da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia*

Disposición adicional única. *Obxectivo de igualdade*

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*



IV. TRAMITACIÓN DA DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL

O proxecto de Decreto tramítase de conformidade co disposto nos artigos 42 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro e, tras a fase inicial da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

-Publicación no portal de transparencia en cumprimento do artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o artigo 41 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e dos artigos 16 e 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, polo que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

- Apertura de trámite de audiencia. O proxecto foi remitido para alegacións a todas as Consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as Reservas da Biosfera de Galicia e o Comité Español do Programa MAB, do entón Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

-Informes e ditames. Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- . Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de data 21 de decembro de 2016.
- . Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda de data 31 de xaneiro de 2017.

Consta no expediente a xustificación do tratamento das alegacións recibidas, achegada pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Na fase final da tramitación, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 17 de abril de 2017.

Así mesmo, o texto do proxecto de Decreto remítese a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, que se pronuncia sobre o mesmo, en data 13 de xuño de 2017.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

A secretaria xeral técnica

Maria Jesús Lorenzana Somoza

